

Resolución reitoral de aceptación da renuncia e concesión dunha bolsa para a formación Centros Universitarios da Universidade de Vigo.

Recibida con data 20 de febreiro de 2026 a solicitude de renuncia do alumno **Iago Carvajal Carballo**, beneficiario dunha bolsa de formación en Centros Universitarios da Universidade de Vigo (R.R. do 13 de outubro de 2025),

Visto a base 9 da Resolución reitoral de 2 de xullo de 2025 pola que se convocan as bolsas de formación en centros universitarios, e existindo persoas candidatas na listaxe de agarda,

Esta Reitoría resolve:

1. Aceptar a renuncia de **Iago Carvajal Carballo** coa correspondente perda de dereitos de cobro con efectos administrativos do 20 de febreiro de 2026.
2. Conceder a **Gabriel Folgoso Capelo** unha bolsa **OU-C-6 Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense** (10h) por unha contía de 1.060 euros, con efectos económicos e administrativos do 1 de marzo de 2026.

De acordo co establecido na base 10 da convocatoria son obrigas das persoas bolseiras:

1. Realizar, baixo a supervisión do titor/a, a actividade formativa e o plan formativo de xeito presencial conforme ao establecido na convocatoria.
2. Estar matriculada na UVIGO durante todo o período de duración da bolsa.
3. Achegar á Sección de Bolsas e Axudas ao Estudo, dentro do mes seguinte á finalización da bolsa, unha memoria final das actividades realizadas durante todo o período da bolsa. Esta memoria debe estar informada favorablemente pola persoa titora.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Natalia Caparrini Marín

CSV : GEN-69e8-335f-4d35-9f9c-2885-07b8-fb8e-410a

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://run.gob.es/hsb0d8bw6q>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 26/02/2026 10:01 | NOTAS : F

